



COSTA DE NIGRÁN

Adela Leiro, Mon Daporta
febreiro 2019



Distancia: 14 km (lineal) + camiñadas
Dificultade: baixa



Ría de Vigo

- 1-Praia dos Muíños
- 2-Praia do Portiño
- 3-Punta de Prado. Praia das Canas.
- 4-Enseada de Patos ou Carreira
- 5-Praia da Patos
- 6-Monteferro
- 7-Punta Meda e faro.
- 8-Punta de San Bieito
- 9-Punta Gaiteiros.
Praia Ribas Brancas.
- 10-Illa Estela de Terra
- 11-Illas Estela de Fóra
- 12-Illas Serralleiras
- 13-Punta Valo Grande
- 14-Praia Portocelo
- 15-Punta Feitales
- 16-Praia de Area Fofa
- 17-Punta e praia da Madorra
- 18-Punta do Castro.
Porto de Panxón.
- 19-Praia de Panxón ou Area Alta
- 20-Rego dos Muíños
- 21-Praia América ou Area Loura
- 22-Monte Lourido
- 23-Punta Redada
- 24-Pedra da Garza
- 25-Enseada e esteiro da Ramallosa
- 26-Río Miñor. Ponte da Ramallosa.

O concello de Nigrán está situado no extremo sur da ría de Vigo. As principais actividades son a industria, os servizos, o marisqueo e pesca.


O litoral é un espazo formado por dous amplos seos, que acollen no seu fondo extensos areas, os promontorios que os limitan, e a beira norte do esteiro do río Miñor; en conxunto unha zona case chan a non ser nos perímetros de Monteferro, onde hai cantís de máis de 50 m, do monte Lourido e as beiras rochosas das illas Estelas.

Percorrelo é doado pola súa propia natureza e porque conta con espazos acondicionados que o facilitan.

En Nigrán hai dous espazos naturais de interese, protexidos como LICs/ZECs, o esteiro da Ramallosa e Monteferro e illas Estelas.

PERCORRIDO

Comezamos en Prado para achegarnos á **praia das Canas**, desde alí volvemos á estrada para coller logo un desvío sinalizado á **praia de Patos** e a Monteferro, por el baixamos á praia onde podemos facer unha parada antes de desviarnos para cruzar o istmo. Na metade do istmo atopamos o cruce á dereita polo que se sube a **Monteferro**. De volta, na estrada, collemos á dereita para completar o paso do istmo desembocando na **praia da Madorra** antes de chegar á **punta do Castro**, onde está o porto e podemos facer outra parada para ver ao longo os **areais de Panxón** e **praia América**. A sinalización do tráfico non permite circular ao pé da praia de Panxón polo que temos que saír á estrada principal e seguila ata chegar á rotonda na que está sinalizado o desvío a praia América que logo sí podemos seguir a todo o longo ata chegar ao **monte Lourido**, que tamén rodearemos desviándonos á dereita por unha estrada estreita, pero que ten espazos para parar nos puntos de máis interese (**Pedra da Garza**, **enseada de Baiona**, **esteiro da Ramallosa**,...) saír ao pé do **esteiro do río Miñor** que percorreremos pola beira ata chegar á ponte onde faremos a última parada para ver de preto a vella **ponte medieval da Ramallosa**.




RÍA DE VIGO

Ábrese entre o Cabo Home, ao norte e Cabo Silleiro, ao sur. É a ría máis longa de Galiza, con 33 km, unha superficie de 176 km² e unha profundidade máxima de 44 km. O estreito de Rande separa a parte interior chamada Enseada de San Simón, unha zona abrigada con augas pouco profundas, da exterior, máis aberta e de augas máis fondas.



1-Costa de Nigrán entre a praia dos Muños e Monteferro. Enseada de Patos ou Carreira



Nigrán desde o monte da Groba



2-Praia do Portiño



3-Punta de Prado



Praia das Canas



5-Praia da Patos



Monteferro e a praia da Patos



6-Monteferro. Punta norte.



7-Punta Meda e faro.





Illas Estelas e Serralleiras desde Monteferro.
As **Illas Estelas** son dúas pequenas illas graníticas (Estela Grande e Estela Pequena), situadas fronte á punta de Meda entre a Ría de Vigo e a de Baiona, fronte a Panxón. A costa é rochosa agás algunha pequena praia. Non teñen árbores e están practicamente cubertas de mato de toxos e breixos.



LIC ILLAS ESTELAS

O espazo protexido abrangue as illas Estelas, algún pequeno illote e o litoral de Monteferro. Das 713 ha protexidas unha gran parte é ecosistema mariño, cun fondos mariños dunha enorme riqueza biolóxica.




10-Illa Estela de Terra



11- Illa Estela de Fóra



9-Punta Gaiteiros. Praia Ribas Brancas.



12-Illas Serralleiras



13-Punta Valo Grande



As Penisas Pequenas, un conxunto de gravados rupestres e muíños naviculares.



14-Praia Portocelo



15-Punta Feitales



16-Praia de Area Fofa



17-Punta da Madorra



17-Praia da Madorra




18-Punta do Castro. Porto de Panxón.



19-Praia de Panxón ou Area Alta



Punta da Madorra, praia da Madorra, Punta do Castro e porto de Panxón, praia de Panxón, praia América, monte Lourido e esteiro do Miñor.



20-Río dos Muíños. Nace nos montes de Chandebrito e desemboca entre as praias de Panxón e Area Loura.

21-Praia América ou Area Loura



22-Monte Lourido, pechando a marxe dereita do esteiro do Miñor



Punta Redada desde a praia de Area Loura



Punta Redada e praia de Area Loura



24-Pedra da Garza



Punta de Lourido



Monte e punta Lourido, na boca do esteiro do Miñor



25-Enseada e esteiro da Ramallosa



LIC A RAMALLOSA

Espazo situado na desembocadura do río Miñor, nos concellos de Baiona e Nigrán. É unha zona de marismas separada e defendida do mar aberto pola ampla barra areosa da praia Ladeira. Este pequeno espazo, ben abrigado e de augas tranquilas e mornas, mantén unha enorme diversidade de invertebrados que serven de alimento a numerosas aves mariñas, especialmente limícolas, que teñen nesta zona unha importante área de descanso, sobre todo no inverno.



Ponte da Ramallosa, ou ponte da Xunqueira, do século XIII, compartida entre Nigrán e Baiona. É unha das pontes de Galiza na que se realizaba o ritual do Bautismo Prenatal.

26-Río Miñor. Fómase pola conxunción dos ríos de Zamáns e Morgadáns, que recollen as augas da serra do Galíñeiro e, despois de 16 km, desauga entre Nigrán e Baiona formando un amplo esteiro.



Garzas na xunqueira